



“O teu Concello infórmate”



Bo Nadal

Fai xa moitos anos, Iñigo de Loiola, fundador da Compañía de Xesús, deixounos unha máxima que a día de hoxe podemos considerar case lapidaria: «*En tiempos de tribulación, no hacer mudanza*».

Aparentemente esta frase pode incitar ao inmovilismo en tempos de crise, pero unha cousa é ser prudentes ante a incerteza, e outra moi distinta é quedarse totalmente inmóbil en épocas difíciles.

Si nas chamadas condicións normais, é dicir, en períodos de progreso, pleno emprego e estabilidade, a prudencia debe ser a virtude máis destacada dun político, en períodos de incertidume aínda o debe ser máis, pero sen deixar pasar as oportunidades que a propia crise nos pode presentar.

A crise económica está aquí e será profunda, iso sabémolo todos. Pero, ¿en que erro non debemos caer?, ¿que perigo debemos evitar? O de facer mudanzas precipitadas xa nolo avisaron fai moitos anos.

Os que creemos na POLÍTICA, pensamos que son cambios feitos sen serenidade nin sosego; recortar gastos na educación, na sanidade e nos servizos de atención aos nosos maiores e ás persoas máis necesitadas.

Isto pode traer un mal resultado para a nosa sociedade e para o noso benestar.

Eu confío en que a reflexión intelixente dos nosos gobernantes probablemente manteña estes piares básicos da nosa sociedade.

Eu espero que reforcen o capital humano, que representan os nosos xóvenes, preparados mellor que nunca, que servirán para relanzarnos e que compaxinarán a contención do gasto coa necesidade de innovación que cada vez é máis necesaria.

Entendo que combinar isto non é fácil. Por iso é un bo momento para non facer mudanzas precipitadas, nin tirar nada valioso pola borda.

Cumprimos outro ano de arduo traballo xuntos, non foi fácil este ano 2011, e nos ven o aninovo con máis dificultades. Pero non debemos olvidar que para Xosé e María, tampouco foi fácil hai 2012 anos. Escapaban de Herodes; para eles eran tempos tamén moi difíciles pero, aquel ano de crise, tiveron un fillo que cambiou o Mundo.

Nas dificultades debemos estar unidos e, si o estamos, ¿non é porque en certa forma tódolos padernenses somos xa unha familia?

Disfrutemos o noso tempo xuntos.

¡BO NADAL!

O voso Alcalde

presentación das actividades extraescolares

No mes de outubro deu comezo a programación das actividades; os nenos inscritos nas actividades deportivas, van a poder participar tamén en varios torneos dentro do Deporte en Idade Escolar; así, o atletismo, lanzamento de xabalina ou salto, serán algunhas das disciplinas nas que se van a iniciar nesta edición, ademais de participar nas competicións de anos anteriores.

Coas clases de inglés e informática quérese contribuír, desde as primeiras idades, a dar un impulso a materias imprescindibles para o futuro dos nosos escolares

Presentación das Actividades de Adultos

O Alcalde, acompañado polos concelleiros de cultura, presidiu o acto no que se deu comezo a esta nova tempada de actividades de adultos no Concello de Paderne.

Con esta oferta, estase a dinamizar a vida cultural de Paderne proporcionando ás persoas maiores espazos nos que poder relacionarse, adquirir coñecementos, realizar traballos creativos e poñer a punto o seu corpo cos exercicios que realizan nas actividades Qde preparación física.

Nesta ocasión, os veciños contan cun novo local na parroquia de Vilamourel no que se están a realizar actividades de cestería, bailes de salón, aerobio e ximnasia de mantemento incrementando así a oferta realizada en anos anteriores e facilitando que tódalas parroquias teñan ó seu alcance os recursos necesarios para unha boa calidade de vida.



A presentación encheu o salón de sesións coas persoas inscritas nas actividades

Excursión a Portugal

Paderne en Familia, desprazouse este pasado día 22 de outubro a Portugal.

A feira de Vilanova de Cerveira segue conservando o atractivo de realizar compras para moitas persoas; así, durante a mañá puideron mercar nos numerosos postos que se concentran nesta localidade.

Tamén o Mirador do Cervo foi outro dos puntos de interese; un lugar de especial atractivo desde o que se pode contemplar a confluencia dos dous países coa "Illa dos amores", un capricho da natureza con forma de corazón cravada polo río Miño no medio da súa desembocadura.

Á tarde, Valença do Miño, foi o último lugar a visitar antes de regresar a Paderne.

Presentación do proxecto do saneamento en Ínsua



Presentación do proxecto de saneamento en Insua

Os técnicos da Deputación de A Coruña achegáronse o pasado 24 de outubro ata o Concello de Paderne co fin de presentarlle ó Alcalde o proxecto de saneamento en Insua que vai a comezar nestes días.

Estas obras representan unha importantísima infraestrutura para o Concello dado que, ademais de dotar a este núcleo dun servizo fundamental, veñen a contribuír á defensa do medio ambiente saneando unha ría de vital importancia para Paderne e os seus habitantes.

Obradoiros de coeducación

Os nenos e nenas que participaron nos obradoiros de coeducación, tiveron como premio unha visita ó Karting-Ordes que se realizou coincidindo coa xornada non lectiva do 31 de outubro.

Este tipo de talleres organízanse cada ano co obxecto de seguir sensibilizando á comunidade educativa municipal e ás familias dos menores que a integran, sobre a importancia de promover unha educación baseada na igualdade de oportunidades.



Os escolares participantes nos obradoiros xunto cos organizadores e a Concelleira de Servizos Sociais e Muller

Remate do terceiro obradoiro de emprego en Paderne

Rematou o terceiro Obradoiro de Emprego en Paderne; un total de 32 persoas, das cales 26 eran alumnos, tiñan como obxectivo a recuperación e potenciación das labores do campo adaptándoo ás tecnoloxías e demandas actuais así como á rexeneración e coidado das distintas especies de árbores e plantas ornamentais.

Cos coñecementos recibidos en produción hortícola e xardinería, ademais da formación a nivel académico, teñen mecanismos suficientes para a constitución de cooperativas e a comercialización dos seus produtos.

Desde o Concello espérase que este tipo de obradoiros contribúan á economía das familias e á riqueza do municipio coa posta en marcha de iniciativas de desenvolvemento.



O Alcalde cos integrantes do Obradoiro

Excursión a Friol e Sobrado dos Monxes

A excursión do 13 de novembro realizouse a Friol e Sobrado dos Monxes. A xornada da mañá centrouse na fortaleza de San Paio de Narla. Unha amena visita na que, despois de recibir explicacións sobre as distintas etapas polas que pasou o edificio, procedeuse a facer un percorrido por tódalas dependencias que mostraban como era a vida naquela época.

Despois da comida visitouse o mosteiro de Sobrado dos Monxes onde o grupo tamén tivo ocasión de escoitar explicacións diversas sobre este edificio.

Xornada de coeducación cos pequeniños das escolas de Educación Infantil

Estes días nos que se planificaron actividades pensadas para fomentar a igualdade entre os nenos e nenas nos niveis de educación infantil, concluíron cunha sesión conxunta de conta-contos realizada o mércores día 23 de novembro. Así, os nenos e nenas das tres escolas de Paderne puideron disfrutar dunha xornada divertida centrada no mundo da fantasía pero sen apartarse dos obxectivos principais en torno á igualdade.



Entrega de diplomas ós participantes

Taller de telefonía móbil e internet

Realizáronse dous talleres no Centro de Maiorse; un deles para o manexo do móbil e outro para iniciarse no uso de Internet e realizar algunhas tarefas sinxelas como pedir unha cita médica ou mirar as predicións meteorolóxicas.

Este tipo de actividades permiten que os nosos maiores logren unha maio autonomía á hora de desenvolverse coas novas tecnoloxías. O final todos recibiron uns diplomas de mans do Alcalde.

Xornada contra a violencia de xénero

Non se quixo esquecer esta conmemoración realizando un acto no que, logo das emotivas palabras do Alcalde, a Concelleira de Servizos Sociais e Muller, deu lectura a un Manifesto de apoio á causa no que se reivindicaba o dereito da persoa a vivir sen violencia.

Logo de escoitar unha pequena representación alusiva ó tema, os asistentes charlaron de forma distendida mentres tomaban un chocolate con churros e contemplaban a exposición que, con noticias e datos sobre este tema, estaba colgada polas paredes do Centro de Maiores.



Locais, horarios e actividades de adultos a desenvolver durante este curso 2011-2012

CASA DO CONCELLO			
Martes	Mércores	Xoves	Venres
Inglés Básico 6.30 a 8	Inglés Avanzado 6.30 a 8	Ximnasia 7.15 a 8	Manualidades 4 a 6 e de 6 a 8
	Cestería 7 a 9		Pilates 8 a 9
Ximnasia 7.30 a 8.15	Informática (perfeccionamento) 8.14 a 9.15		Informática (iniciación) 8.30 a 9.30

LOCAL DE VIÑAS			
Luns	Mércores	Xoves	Venres
Pintura 4.30 a 6.30	Ximnasia 7.15 a 8	Cestería 6.30 a 8.30	Pilates 7 a 8
Ximnasia 7.15 a 8			

LOCAL DE VIGO		LOCAL DE VELOUZÁS		
Xoves	Venres	Luns	Martes	Mércores
Pintura e Manualidades 6 a 8	Cestería 7.30 a 9.30	Ximnasia 6.15 a 7	Bailes de Salón 9 a 10	Ximnasia 6.15 a 7

LOCAL DE AREAS		LOCAL DE SOUTO		
Xoves	Luns	Martes	Mércores	Venres
Pintura e Manualidades 6.30 a 8.30 8.30 a 10.30	Ximnasia 8.15 a 9	Cestería 9 a 11	Ximnasia 8.15 a 9	Manualidades 8.30 a 10.30

LOCAL DE VILAMOUREL		
Luns	Martes	Xoves
Cestería 7 a 9	Ximnasia 8.15 a 9	Ximnasia 8.15 a 9
Aerobic 9.15 a 10.15	Bailes de Salón 10.15 a 11.15	Aerobic 9.15 a 10.15

Segundo o Acordo Regulador Nº 1 do prezo público por actividades deportivas, culturais, xuvenís e socio-educativas, o Concello, conforme ó autorizado polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dacordo co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, regulador das facendas locais, establece o prezo público por actividades culturais e deportivas municipais regulado polo presente acordo. As actividades suxeitas a custo son as seguintes: **INFORMÁTICA – CESTERÍA – MANUALIDADES E PINTURA – AEROBIC – BAILES DE SALÓN e PILATES**, variando o importe a pagar en función do número de actividades ás que se asista.

Número de actividades	Dúas cotas	Prezo total dos cursos
Unha actividade	27 €	54 €
Dúas actividades	49 €	98 €
Tres actividades	66 €	132 €
Catro actividades	78 €	156 €
Cinco actividades	90 €	180 €
Seis actividades	102 €	204 €

Os pagos, a realizar no banco, faranse en dúas veces; a primeira en xaneiro e a segunda en outubro.

Ampliación no alumeadado público no Concello

Subvencionada pola Deputación de A Coruña, ven de rematarse a obra: «Ampliación do alumeadado público no Concello» por un importe de 11.993,78 € que comprende a instalación de diversos puntos de luz cos que resultan beneficiados diversos lugares e puntos illados do Concello.

Melloras no camiño de Penadaguía

Continuando coa labor da alcaldía de mellorar as infraestructuras municipais, presentouse unha solicitude ante a Deputación de A Coruña para o financiamento da obra de «Mellora no camiño de Penadaguía» cun presuposto de 37.500 €.

Por ser esta unha das vías principias que comunican o lugar de Penadaguía e debido á excesiva circulación que soporta, atópase en malas condicións o que fai preciso unha mellora da pavimentación e a eliminación dos baches.

Posta en valor da Cultura Marítima na Ría de Betanzos (Paderne)

Dentro dos Plans Estratéxicos Zonais dos Grupos de Acción Costeira (G.A.C.), Golfo Ártabro Nº 2, ó que pertence o Concello de Paderne, o noso Concello ven de presentar a memoria para a «**Posta en valor da cultura marítima en PaderneII**» dentro do cal se van a desenvolver as seguintes accións continuando coas actividades iniciadas o ano anterior:

O obxectivo principal deste programa é tratar de chegar a toda a poboación e consolidalo como un recurso turístico importante para Paderne e os municipios limítrofes fomentando o valor cultural e natural asociado á Ría de Betanzos.

Para cumprir o anterior obxectivo contémpanse varias accións como son:

- a.- Continuar coa actividade educativa na « Aula da Ría de Betanzos» co deseño dun programa educativo que abranca tódolos grupos de idade aunando os esforzos de varios proxectos xa realizados como:
 - os muíños restaurados por medio dos Obradoiros de Emprego
 - o observatorio ornitolóxico feito por medio do Proxecto Mandeo
 - a propia Aula da Ría realizada por medio do programa «Paderne pola recuperación da cultura marítima»
- b.- Xestión de visitas da Aula da Ría de Betanzos
- c.- Continuar coa recompilación de toponimia e fotografías antigas levada a cabo no programa anterior
- d.- Mantemento do blogue da «Aula da Ría de Betanzos» e do perfil en facebook da «Aula Ría de Betanzos» como informados e dinamizador das actividades a levar a cabo na aula.
- e.- Contratación dun licenciado, durante oito meses como persoa encargada de levar a cabo este proxecto e responsable da aula.

O importe total do proxecto é de **22.223,20 euros** .

Inspección técnica de vehículos agrícolas

Os vindeiros 28, 29 e 30 de decembro realizarase a inspección técnica de VEHÍCULOS AGRÍCOLAS no campo de O Telleiro, en Paderne.

Os interesados poderán pedir cita anticipada para poder pasar revisión ós seus vehículos chamando ó teléfono 881 920 978. Será en horario de 9:00 a 13:00 h. e de 15:30 a 18:00 h, durante os días que se relacionan, agás o día 30 que só se pasará revisión en horario de mañá.

Modificación da ordenanza reguladora da taxa sobre a recollida de residuos sólidos urbanos

Debido a que os ingresos derivados de recursos propios para financiar servizos públicos son reducidos e as axudas son menores, o Goberno do Concello de Paderne veuse obrigado a realizar unha modificación da Ordenanza fiscal reguladora da recollida de lixo e residuos sólidos urbanos.

Dita modificación, imprescindible para poder seguir co servizo, atinxe á contía das tarifas e, aínda que con dito incremento non se acaba o financiamento do mesmo, mellórase a carga que debe soportar o presuposto municipal.

Este incremento queda recollido da seguinte maneira:

Por cada vivenda.- 45,90 €/ano

Industrias relacionadas coa madeira, pedra, automóbiles e ferreterías.- 45,90 €/ano

Outros locais comerciais, cafés-bares e outros similares.- 91,80 €/ano

Outros non incluídos nos apartados anteriores.- 91,80 €/ano

Aplicada esta nova taxa, o balance entre ingresos e gastos queda recollido no seguinte resumo que mostra a variación que supón para o presuposto municipal.

Resumo de ingresos e gastos de este servizo na actualidade:

Ingresos por recadación: 46.012,56 €

Gastos pola prestación do servizo: 119.847,18 €

Déficit actual: 73.834,62 €

Resumo de ingresos e gastos do servizo despois de aplicar a suba:

Ingresos por recadación: 57.420 €

Gastos pola prestación do servizo: 122.843,36 €

Novo déficit: 65.423,36 €

O cidadán debe saber que a Lei obriga a que cada vivenda costee o importe íntegro dos residuos que produce, polo que, si en Paderne hai na actualidade 1150 vivendas, a cada unha corresponderíalle abonar **106,81 €/ano** dos que **o cidadán aboa 45,90 €** financiando o **Concello 60,91 €** o que contribúe a aliviar moito a carga que isto supón para a economía familiar.

A recollida do lixo converteuse en algo básico para a sociedade actual pero tamén unha importante carga para tódolos organismos públicos que deben realizar o conseguente tratamento dos residuos que xeramos. Cos cambios que se foron producindo nos estilos de vida, cada familia está a producir un maior incremento dos materiais que tira; así, envases, papel, bolsas, botellas plásticas, restos de comida, ..., forman parte do que diariamente cada un de nós tira ós contedores.

Desfacernos de todo isto supón un custo elevado e, si aínda enriba non poñemos un pouco de interese en separar estes desperdicios co fin de poder realizar un tratamento axeitado deles, estamos contribuíndo a:

- por un lado non respectar o medio ambiente
- por outro, encarecer o servizo de recollida ó non utilizar os contedores apropiados que están preto das nosas vivendas

Isto pode levarnos a cuestionar varias cousas:

- ¿necesitamos quedarnos sen algo para darnos conta do que vale?
- no caso de ter que desfacernos cada un de nós do lixo que producimos, ¿acumularíamos tanto?
- ¿gustaríanos ver os camiños e corredeiras como antigamente cheos de bolsas con restos?

A resposta a estas preguntas sería a adecuada en case tódolos casos, por iso é paradóxico contemplar como aínda hai xente que non asume a súa responsabilidade á hora de realizar un xesto tan sinxelo como é o de separar os residuos en distintas bolsas e depositalos no contedor que a cada un lle corresponde. O cidadán debe saber tamén que cando non se recicla págase máis polo servizo e, polo tanto, estase a ser insolidario cos recursos propios.

O lema que utilizamos nas campañas que temos realizado «**O coidado do medio ambiente é labor de todos**» é verdade, todos temos que colaborar para sentirnos orgullosos de facer ben as cousas, ser cidadáns responsables e modelos de sostibilidade.

Cabalgata de Reis 2012

Cabalgata de Reis en Paderne

O vindeiro día **4 de xaneiro** as Súas Maxestades van a realizar unha visita ó Concello de Paderne para recoller as cartas de tódolos nenos e nenas.

As 14:30 h, teñen prevista a chegada á Casa do Concello desde onde serán guiados, xunto coa súa comitiva, por todo o termo municipal e así poder saudar a tódolos veciños.

Para honrar esta importante visita, o noso Concello vístese de gala ofrecendo unha festa no pavillón polideportivo de Viñas ó que teñen previsto chegar ás 18:45 h despois de recorrer tódalas parroquias.

O Alcalde, xunto co Equipo de Goberno, recibirá á Comitiva Real na súa chegada a Viñas.

Como en anteriores edicións, os nenos e nenas de Paderne poden participar nun concurso de narracións breves e debuxos, participación que vai a ser recompensada cun agasallo que recibirán ese día de mans do Alcalde.

Todos van a poder deixarlles ós Reis as súas peticións e sacar con eles unha foto de recordo para disfrutar logo dun espectáculo de maxia.

BASES DO CONCURSO

- 1.- Poden participar no concurso rapaces e rapazas de entre 8 e 12 anos (na modalidade de narracións) ou entre 3 e 12 anos (na modalidade de debuxo). Estarán empadroados no Concello de Paderne.
- 2.- Os traballos entregaranse no Concello, na Oficina Municipal de Información Xuvenil ata o día 28 de decembro de 8:30 a 14:30 h.
- 3.- O tema dos traballos estará relacionado co Nadal en Paderne.
- 4.- No caso dos relatos, irán acompañados dun título.
- 5.- No caso de realizar un debuxo, terá o tamaño dun folio (A4)
- 6.- A redacción terá unha extensión máxima de dúas carillas tamaño folio (A4). A lingua empregada será o galego.
- 7.- No debuxo empregaranse cores e no caso de conter algunha palabra estará en galego.



Excursión de «Paderne en familia»

O próximo **22 de xaneiro** o Concello de Paderne comezará o novo ano cunha excursión a terras pontevedresas, onde visitaremos a localidade de **Mondariz** na que se celebra a feira semanal dos domingos.

Pola tarde desprazarémonos ó Concello de Mondariz Balneario, coñecido por ter un dos mellares complexos termais de España. Poderemos coñecer lugares emblemáticos e históricos como a Capela de San Pedro, o Gran Hotel, o complexo balneario, as fontes termais...

Poden acudir persoas empadroadas no Concello de Paderne. O importe é de **25 €** sendo a hora de recollida polas paradas as 8:00 h da mañá.

Os interesados teñen ata o día 18 de xaneiro para anotarse nas oficinas municipais ou ben chamando por teléfono.

Balneoterapia

O Concello de Paderne, ten prevista a seguinte saída de balneoterapia ó balneario de Guitiriz para o vindeiro venres 14 de xaneiro.

Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne. A saída da Casa do Concello será ás 9.30 e o regreso ás 13.30 h.

Os interesados teñen ata o día 10 de xaneiro para solicitar a súa participación.

Aulas conciliación

Como medida de apoio ás familias coa finalidade de conciliar a vida laboral e familiar, pónense en marcha as AULAS DE CONCILIACIÓN durante o período vacacional do Nadal.

Están dirixidas a menores de 3 a 12 anos cuxos proxenitores traballen, e levaranse a cabo no baixo da casa do Concello entre as 8.30 e as 14.30h.

As familias interesadas poderán anotar ós e ás menores chamando ós teléfonos do Concello ata o día 15 de decembro.

Festa do Nadal

O Concello de Paderne organiza unha Festa de Nadal para os nenos e nenas das Escolas de Educación Infantil e de Preescolar na Casa coincidindo co inicio das vacacións de Nadal.

Vaise a realizar o mércores 21 de decembro no local de Viñas. Ás 11:00 horas vai a dar comezo un espectáculo no que o grupo Caramuxo Teatro presenta a obra «Pío».

Ó remate, Papá Noel achegarase a recoller as cartas de todos eles repartindo caramelos e golosinas entre os nenos e nenas de Paderne.

Os pais e nais poden acompañar ós pequeniños neste día cheo de imaxia e ilusión.

Concerto de Nadal

O vindeiro día 22 de decembro o Concello de Paderne celebra, como cada ano por estas datas, o Concerto de Nadal.

O concerto terá lugar ás 20:30 horas no Salón de Sesiões da Casa do Concello. O músico Federico Álvarez deleitará ós asistentes con obras de música clásica adaptadas a ritmos actuais nun concerto didáctico que se espera volva a ter a afluencia de pasadas edicións.

As persoas de Paderne que desexen asistir poden chamar por teléfono ás oficinas municipais ata o día 21 de decembro.

Concerto de Fin de Ano

Vaise a realizar o vindeiro día 29 de decembro ás 20:30 horas no Salón de Sesiões da Casa do Concello.

O músico Mikhail Moriatov será o encargado de despedir a programación cultural do ano ofrecendo en Paderne un recital xa clásico con pezas adaptadas a estas datas de Nadal.

As persoas interesadas en asistir poden chamar por teléfono ás oficinas municipais ata o día 28 de decembro.